



Concello de Viveiro

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CORRESPONDENTE AO DÍA CATORCE DE NOVEMBRO DE 2016 .

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA
D^a. MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ
D^a. LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:

D. SERGIO AGUADO DELICADO

SECRETARIA XERAL:

D^a. MARILUZ Balsa RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 14 de novembro de 2016, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D^a. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros D. Jesús Antonio Fernández Cal.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 02-09-16, 06-10-16, 10-10-16, 24-10-16, 31-10-16 E 03-11-16.

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación das actas das sesións celebradas os días 02-09-16, 06-10-16, 10-10-16, 24-10-16, 31-10-16 E 03-11-16.

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Por parte do Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

3.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

EXPTE. 2879/2016.- LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Justo Andres Perez Cociña.

Visto que, segundo se desprende do informe xurídico, constan no expediente os seguintes antecedentes.

- D. JUSTO ANDRES PEREZ COCIÑA solicitou, o 22 de xullo de 2014, licenza municipal de obras a executar no inmovible sito na Avda Cervantes, nº 10 no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 345633PJ1335N0002TW, consistentes na rehabilitación de vivenda unifamiliar entre medianeiras para convertela en tres vivendas. Coa solicitude achegou proxecto de execución asinado pola arquitecta Susana Perez Pereiras visado polo COAG en data 27 de xuño de 2014 co número 1404060, e oficio de dirección facultativa a favor da antedita arquitecta. A documentación indicada complementouse coa achegada o 2 de decembro de 2014, consistente no proxecto de infraestrutura común de telecomunicacións redactado polo enxeñeiro de telecomunicacións, D. Jorge Luis Saez López.

- O 4 de novembro de 2014 ingresou o importe correspondente á autoliquidación dos tributos municipais que gravan a licenza municipal (ICIO e taxas de licenza urbanística e selo municipal).

- Con data 12 de decembro de 2014 o interesado incorporou ao expediente os oficios de nomeamento de director de execución material das obras e coordinador de seguridade e saúde, recaendo ambos nomeamentos no aparelador Bernardo Fraga Galdo.

- Tramitouse, a instancia do interesado, o procedemento para acadar o informe previo en materia de protección do Patrimonio (expediente 30/2016) que rematou coa resolución de 29 de xullo de 2016 da xefa do servizo de coordinación da área cultural, por delegación da directora xeral do patrimonio cultural, autorizando as actuacións propostas, coa obriga de

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

cumprimento das seguintes condicións:

1. Substituiranse as ventas do primeiro e segundo andar da fachada principal por balcaneiras co fin de homoxeneizar toda a fachada.
2. A cuberta rematarase con lousa irregular do país.
3. Os canalons e baixantes serán en cinc de sección semicircular e circular respectivamente.
4. A carpintería exterior será en madeira pintada en cor branca con tratamento de poro aberto. Os elementos da galería serán idénticos aos orixinais.
5. A varanda do balcón en ferro lixarase e pintarase.
6. A fachada principal rematarase recebada e pintada en cor clara, e eliminaráanse os aplacados existentes.
7. Recuperarase a chimenea e rematarase, ao igual que as fachadas, recebada e pintada.

-En data 4 de outubro de 2016 a arquitecta redactora do proxecto técnico achega documentación xustificativa de habitabilidade, solicitando a excepción do cumprimento de diversos apartados do Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade en Vivendas de Galicia. As excepcións de cumprimento da normativa de habitabilidade afectan ás superficies destinadas a lavadoiro-tendedeiro, dormitorio e cuarto de baño, que se reducen sobre as superficies exixidas nas normas de habitabilidade, como consecuencia da previsión dun ascensor que faga posible o cumprimento da normativa de accesibilidade das diferentes plantas do edificio.

Visto o informe técnico preceptivo, de carácter favorable, emitido pola aparelladora da oficina de rehabilitación do casco antigo de Viveiro, Irene Fernandez Cora, co visto e praxe do arquitecto municipal. Segundo o mencionado informe sinalase que a clasificación do solo é urbano consolidado. As obras a realizar consisten na rehabilitación integral de edificación segundo proxecto asinado pola técnica, D^a. Susana Pérez Pereiras. Maniféstase no informe técnico que segundo a solicitude presentada a obra que se pretende executar cumpre coa normativa urbanística e se realizou tramite de excepción do cumprimento do Decreto 29/2010, Normas de Habitabilidad en viviendas de Galicia segundo se recolle no Anexo II, apartado II 3.

Xustificación achegada referida a:

- A superficie útil é inferior a 50 m² por vivanda.
- Melloranse considerablemente as condicións de accesibilidade, coa instalación dun aparello elevador
- Xustifícase o cumprimento das determinacións dos apartados I.A.3 do Anexo I referido a condicións funcionais, dimensionais e dotacionais (superficie lavadoiro-tendedeiro, dormitorio, cuarto de baño).

Concello de Viveiro

Maniféstase así mesmo no informe técnico que se cumpre coa normativa técnica aplicable. Engádese que de ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar se deberá solicitar a preceptiva licenza así como para a instalación de andamiaxe. Deberán realizarse sendas catas arqueolóxicas na traseira do edificio no momento da obra, tal e como se recolle na resolución da intervención arqueolóxica de data 19 de febreiro de 2016.

Visto o informe xurídico, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- De conformidade co disposto no artigo 142.2 letra c) da LSG, as intervencións en inmobles declarados BIC ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable. O inmovible de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza.

- Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, que, no punto 1.3 do Anexo regula a ordenanza de solo urbano da zona antiga de Viveiro, de aplicación aos terreos incluídos no ámbito territorial do PEPRI.

De acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe favorable dos servizos técnicos municipais que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren coas previsións da ordenanza aplicable, e deberán executarse respectando as condicións descritas na resolución de 29 de xullo de 2016 da xefa do servizo de coordinación da área cultural.

- Segundo informan os servizos técnicos municipais, xustifícase o cumprimento das determinacións dos apartados I.A.3 do Anexo I do Decreto 29/2010, que aproba as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, en canto ás condicións funcionais, dimensionais e dotacionais (superficie lavadoiro-tendedeiro, dormitorio, cuarto de baño)

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Concello de Viveiro

Primeiro.- Outorgar a D. Justo Andrés Pérez Cociña, licenza municipal de obras a executar no inmobile sito na Avda. Cervantes, nº 10, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 345633PJ1335N0002TW, consistentes na rehabilitación de vivenda unifamiliar entre medianeiras para convertela en tres vivendas, de acordo co proxecto de execución asinado pola arquitecta, D^a. Susana Pérez Pereiras visado polo COAG en data 27 de xuño de 2014 co número 1404060 e demais documentación técnica e administrativa que consta no expediente, co cumprimento das seguintes obrigas:

1. Substituiranse as ventás do primeiro e segundo andar da fachada principal por balcaneiras co fin de homoxeneizar toda a fachada.
2. A cuberta rematarase con lousa irregular do país.
3. Os canalons e baixantes serán en cinc de sección semicircular e circular respectivamente.
4. A carpintería exterior será en madeira pintada en cor branca con tratamento de poro aberto. Os elementos da galería serán idénticos aos orixinais.
5. A varanda do balcón en ferro lixarase e pintarase.
6. A fachada principal rematarase recibada e pintada en cor clara, e eliminaráanse os aplacados existentes.
7. Recuperarase a chimenea e rematarase, ao igual que as fachadas, recibada e pintada.

Segundo.- Autorizar a D. Justo Andrés Pérez Cociña, a excepción do cumprimento do disposto no Decreto 29/2010, de 4 de marzo, no que se regulan as normas de habitabilidade en Vivendas de Galicia, no relativo ás superficies destinadas a lavadoiro-tendedeiro, dormitorio e cuarto de baño, nos termos do documento asinado pola arquitecta Susana Perez Pereiras en setembro de 2016.

Terceiro.- A licenza municipal suxeitase ao cumprimento das seguintes condicións particulares:

- Deberán realizarse sendas catas arqueolóxicas na traseira do edificio no momento da obra, tal como se recolle na resolución da intervención arqueolóxica de data 19 de febreiro de 2016.
- De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, colocación de andamaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal.
- Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Cuarto.- As condicións xerais ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

- 1.1 As obras executaranse con estrita suxeición ó proxecto aprobado e baixo a dirección dos técnicos que figuran no expediente. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.
- 1.2 O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá

Concello de Viveiro

- impedi-lo tránsito público; así mesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.
- 1.3 Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.
- 1.4 A licenza urbanística constitúe un requisito legal para a contratación da subministración dos servizos de enerxía eléctrica, auga, gas, telefonía e telecomunicacións, nos casos e termos establecidos na lexislación urbanística.
- 1.5 Os prazos para o inicio e o remate das obras non poderán exceder de seis meses e tres anos, respectivamente, contados dende a data do outorgamento da licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

Quinto.- Dar traslado da presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

EXPTE. 1793/2016.- LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. José Alberto Lago Fraga para a realización de obras de substitución de cuberta en vivenda unifamiliar, no solar situado no LG. BARALLA, 15 - GALDO, desta localidade, con referencia catastral 27067A060009870001MG.

Coa solicitude achegou a seguinte documentación:

- Xustificante do aboamento dos tributos municipais.
- Proxecto básico e de execución para substitución de cuberta asinado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy, visado polo COAG o 8 de agosto de 2016 co numero 1604817 e oficio de dirección facultativa a favor do mesmo arquitecto.

Visto o informe técnico favorable, emitido polo arquitecto municipal, no que se sinala que a clasificación do solo segundo a OUP é **solo rústico** especialmente protexido. Ordenanza de aplicación 9. Preséntase un proxecto de substitución de cuberta en vivenda unifamiliar existente. As modificacións propostas adecúanse ao entorno onde se atopa atendendo á súa forma e materiais empregados incorporando solucións actuais integradas no conxunto. Non se modifica o volume.. Trátase de obras de rehabilitación de edificación existente de carácter tradicional. Dáse cumprimento ao disposto no lei 2/2016 do Solo de Galicia no artigo 40

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

referido a edificacións existentes de carácter tradicional en solo rústico. Mantéñense as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria. Non se modifica o volume existente. Sinálase así mesmo no informe técnico que a parcela se atopa dentro da liña de policía de leitos, e que as obras dentro deste ámbito requirirán da autorización sectorial de Augas de Galicia, segundo o Real Decreto 849/86, de 11 de abril, polo que se aproba o regulamento do dominio público hidráulico. Engádese que ao tratarse de traballos de rehabilitación e adaptación dunha construción existente sen modificacións relativas á forma e volume non é necesaria a autorización de Augas de Galicia. Sinálase así mesmo que o arquitecto redactor do proxecto fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicable. Así mesmo sinala que se establece unha fianza de 600,00 euros en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar nos bens municipais motivados polas obras de construción.

Visto o informe xurídico, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- A licenza urbanística ten por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo especificados no artigo 142.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Entre tales actos, a letra a) do precepto citado menciona os actos que precisen de proxecto de obras consonte a normativa xeral de ordenación da edificación. E conforme dispón o artigo 2.2, letra b) da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación, requiren de proxecto as intervencións sobre os edificios existentes, sempre e cando teñan carácter de intervención total no mesmo ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, volumetría ou o conxunto do sistema estrutural.

En consecuencia, o procedemento aplicable ao outorgamento da licenza para a rehabilitación da vivenda unifamiliar é o establecido no artigo 143 LSGa.

- Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, coas modificacións introducidas polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño; de acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe técnico favorable do arquitecto municipal que obra no expediente, trátase de obras de rehabilitación de edificación existente de carácter tradicional, dándose cumprimento ao disposto na lei 2/2016 do Solo de



Concello de Viveiro

Galicia no artigo 40 respecto das edificacións existentes de carácter tradicional en solo rústico.

- De conformidade co disposto nos artigos 1 e 3 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e no artigo 24.5 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os Concellos están facultados para intervir a actividade dos administrados mediante a esixencia de depósito previo de garantías que sirvan para responder dos danos que poideran ocasionarse no dominio público con ocasión da execución de obras, coa finalidade de reconstruír ou reparar os posibles danos que nel se causaren. Segundo as estimacións do arquitecto municipal, cómpre establecer unha fianza de 600,00 euros en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar nos bens municipais motivados polas obras de construción.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución favorable; resolución en relación coa cal a que subscribe eleva a seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a D. José Alberto Lago Fraga, licenza urbanística para a realización de obras de SUBSTITUCION DE CUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR, no solar situado no LG. BARALLA, 15 - GALDO, desta localidade, con referencia catastral 27067A060009870001MG de acordo co proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy, visado polo COAG o 8 de agosto de 2016 co número 1604817, baixo a súa dirección facultativa e de acordo coas seguintes determinacións:

1. As obras axustaranse na súa execución ao proxecto técnico achegado coa solicitude.
2. O promotor deberá constituir na Tesourería municipal, no prazo dos quince días seguintes ao da notificación do acto de concesión da licenza, unha fianza de 600,00 euros en garantía da reposición de pavimentos e/ou arranxo de desperfectos que se poidan ocasionar nos viais municipais durante a execución das obras. Unha copia do xustificante de ter cumprida dita obriga deberase incorporar ao expediente urbanístico.
3. De ser necesario a ocupación da vía pública para as labores de desescombro, demolición, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa autorización municipal.

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

4. As obras terán que comezar nun prazo máximo de seis meses a partir da notificación da resolución, sendo en todo caso a duración máxima de execución da obra de tres anos, a contar tamén a partir da notificación da resolución.

Segundo.- Notificar a presente resolución ao interesado aos efectos oportunos; dando traslado do expediente á Tesourería municipal para os efectos de reclamar a constitución da garantía.

Terceiro.- As obras deberán iniciarse nun prazo máximo de seis meses a partir da notificación da resolución, e rematar no de tres anos, a contar igualmente a partir da notificación da resolución, sen que poidan interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

4.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS

EXPTE. 3465/2016.

Visto o escrito presentado por D^a. Maria Nieves Fraga Corbelle, con domicilio a efectos de notificación en Barral, s/n, San Pedro, en Viveiro, no que solicita se lle asigne número á vivenda da súa propiedade de nova construción no lugar de Barral, San Pedro.

Visto o informe emitido polo Negociado de Estatística, no que se fai constar que, segundo o libro de numeración existente, o último número asignado é o 8, polo que lle correspondería o n^o 9.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Asignarlle á vivenda propiedade de D^a Maria Nieves Fraga Corbelle, a seguinte numeración de goberno:

- San Pedro - Barral de Abaixo, n^o 9.



Concello de Viveiro

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Estadística para o seu coñecemento e notificación ó interesado.

EXPTE. 3514/2016.

Vista a solicitude de devolución de aval presentada por D. Juan Arias Serantes, en representación da empresa ARIAS Y CASABELLA, S.L., con CIF B-27221548, en data 31 de outubro de 2016, co N^o de rexistro 2016-E-RC-7242, no que solicita a devolución do aval de 17.000,00 euros, en concepto de garantía de execución das obras simultáneas ás de edificación para acondicionamento na fronte da parcela en lugar de Capela, Magazos, en Viveiro, e outra, de 5.000,00 euros, como garantía dos posibles danos que se poideran ocasionar nos bens municipais e no espazo público durante a execución das obras de urbanización da parcela, no lugar de Capela, Magazos, en Viveiro, segundo a licenza URB/272/2012.

Visto o informe do vixiante urbanístico, no que se indica que as obras e o espazo público quedaron en perfectas condicións, podendo devolverlle os avais de dezasete mil (17.000,00) e cinco mil euros (5.000,00).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por D. Juan Arias Serantes, en representación da empresa ARIAS Y CASABELLA, S.L. para responder da licenza URB/272/2012, que ascenden á cantidade de 17.000,00 e 5.000,00 euros, respectivamente.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Tesourería para proceder á súa devolución e notificación ao interesado.

EXPTE. 3641/2016.

Visto o escrito presentado por D^a Marina Franco Pérez, con domicilio a efectos de notificacións en José del Hierro, 52; 3^oC; escalera Centro, C.P. 28027 Madrid, no que solicita aclaración de situación xa que expón que se lle reclama a execución de obras na propiedade sita no n^o 131 de Xunqueira, , e que dito número figura na fachada de enfrente.

Visto o informe emitido polo Negociado de Estatística, no que informa que o número 131 efectivamente esta en dito inmovible, e que a súa vivenda se lle determinará o que lle corresponde nunha próxima renumeración que efectuará o municipio.

A Xunta de Goberno Local, en base ao informe emitido pola encargada do negociado de estadística, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Comunicar á interesada, que segundo o manifestado pola encargada do Negociado de Estadística, determinárase na próxima

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

renumeración que efectúe o municipio o número que lle corresponde á súa vivenda.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Estadística para a súa notificación ó interesado.

5.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

EXPTE. 3606/2016. ASISOLIM DEPENDENCIA

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fenández Fernández, que recolle facturas e obrigas para a súa aprobación.

Visto que en relación a diversas facturas que se engloban no referido expediente constan informes emitidos pola Intervención Municipal no que se sinala que se trata de gastos realizados no propio exercicio carecendo de aprobación do gasto e do procedemento de contratación, ó non ter cobertura como contrato menor, e que existe consignación orzamentaria no vixente orzamento, poñendo por ditos motivos de manifesto a disconformidade na tramitación dos gastos, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omítense outros requisitos e trámites dos procedementos de contratación ó non ter cobertura como contrato menor. Engade que por outra banda ditas factura se corresponden con contratos administrativos de servizos ou subministros que existiron, no sentido de que houbo no seu momento un acto administrativo de adxudicación de contrato, aínda que respecto deles rematou o seu prazo, apuntando así mesmo que en virtude da teoría do enriquecemento inxusto debe existir unha correlativa compensación da administración que recibe a prestación a favor do acreedor. Dito informe conclúe sinalando que coas discrepancias e consideracións formuladas, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente para facer fronte ós gastos realizados no exercicio 2016, e previo informe que se require ós responsables dos servizos afectados en canto ó motivo ou causa da falta de tramitación do procedemento contractual, corresponde á Xunta de Goberno Local a validación do gasto e aprobación do recoñecemento ou liquidación da obrigas.

Consta no expediente informe do encargado do servizo de contratación no que se manifesta que o expediente de contratación do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes do Concello de Viveiro, que se atopa en trámite o procedemento de contratación, contando a data 13 de outubro de 2016 (data do informe) con proposta de adxudicación da Mesa de contratación.

Visto o referido informe do servizo de contratación remítese pola Intervención á Xunta de Goberno Local para a súa validación:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Primeiro.- Validar o gasto e aprobar a relación de facturas que antecede, recoñecendo as obrigas que derivan das mesmas.

Segundo.- Dar conta do referido acordo ós Departamentos de Intervención, Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 3607/2016.- ASISOLIM LIMPEZAS

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fenández Fernández, que recolle facturas e obrigas para a súa aprobación

Visto que en relación a diversas facturas que se engloban no referido expediente constan informes emitidos pola Intervención Municipal no que se sinala que respecto ás facturas emitidas por Asisolim asistencia social y limpieza S.L. que figuran no presente expediente, se trata de gastos realizados no propio exercicio carecendo de aprobación do gasto e do procedemento de contratación, ó non ter cobertura como contrato menor, e que existe consignación orzamentaria no vixente orzamento, poñendo por ditos motivos de manifesto a disconformidade na tramitación dos gastos, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omítense outros requisitos e trámites dos procedementos de contratación ó non ter cobertura como contrato menor. Engade que por outra banda ditas factura se corresponden con contratos administrativos de servizos ou subministros que existiron, no sentido de que houbo no seu momento un acto administrativo de adxudicación de contrato, aínda que respecto deles rematou o seu prazo, apuntando así mesmo que en virtude da teoría do enriquecemento inxusto debe existir unha correlativa compensación da administración que recibe a prestación a favor do acreedor. Dito informe conclúe sinalando que coas discrepancias e consideracións formuladas, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente para facer fronte ós gastos realizados no exercicio 2016, e previo informe que se require ós responsables dos servizos afectados en canto ó motivo ou causa da falta de tramitación do procedemento contractual, corresponde á Xunta de Goberno Local a validación do gasto e aprobación do recoñecemento ou liquidación da obrigas.

Consta no expediente informe da Concelleiro de Facenda ó respecto das facturas referidas nos informes de intervención, no que se manifesta que en data 23 de agosto de 2016 se iniciou un procedemento de contratación que abrangue a limpeza de dependencias municipais, por parte do departamento de contratación, e que no día 18/10 de 2016 se presentou un prego de prescripcións técnicas para sacar a concurso o citado expediente.

Consta así mesmo informe do encargado do servizo de contratación no que se manifesta que respecto ao servizo de limpeza de diversas dependencias municipais do Concello de Viveiro no momento actual a oficina de

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

contratación está pendente da tramitación do expte. motivado pola conclusión doutros expedientes con prioridade na súa tramitación, como procedementos de obras subvencionados con datas límite de xustificación, e que dito servizo elaborará un calendario para o inicio de diversos procedementos.

Vistos os referidos informes remítese pola Intervención á Xunta de Goberno Local para a súa validación:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Validar o gasto e aprobar a relación de facturas que antecede, recoñecendo as obrigas que derivan das mesmas.

Segundo.- Dar conta do referido acordo ós Departamentos de Intervención, Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 3645/2016.

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 3645/2016.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

6.- PROPOSTAS DE GASTOS

Vistas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos números de expedientes: EXPTE. 3440/2016.- EXPTE. 3477/2016.- EXPTE. 3478/2016.- EXPTE. 3387/2016.- EXPTE. 3317/2016.- EXPTE. 3246/2016.- EXPTE. 3318/2016.- EXPTE. 3252/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

7.- COMUNICACIÓN MODIFICACIÓN ORZAMENTOS PROTEXIBLES FASE XIV.

EXPTE. 175/2016.

Visto o escrito da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro mediante o que comunica á Xunta de Goberno Local a modificación dos costes subvencionables das obras de rehabilitación fase XIV.

Resultando que no referido escrito se sinalan os seguintes antecedentes:

“

1. No sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 13-05-2016, aprobouse entre outras cuestións; as ACTUACIÓNS A INCLUIR NA FASE XIV DO PLAN DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO.
2. Posteriormente, na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 14-06-2016, adoptouse entre outros acordos a modificación das actuacións a incluír na fase mencionada anteriormente, así como a aprobación da táboa definitiva na que se incluían orzamentos e costes subvencionables de cada unha das actuacións.
3. Que unha vez remitida a documentación dos diferentes expedientes ó Instituto Galego de Vivenda e Solo en Lugo, e revisada esta polos seus Servizos Técnicos, remitiron á Oficina de Rehabilitación as Cualificacións Provisionais, cos custos subvencionables definitivos (xúntanse copias). “

En base a todo o exposto anteriormente, e dado que houbo modificacións nos orzamentos protexibles e polo tanto nos custos subvencionables deuse traslado da nova táboa para adoptar o oportuno acordo por Xunta de Goberno Local e o seu posterior traslado aos interesados.

A nova táboa de orzamentos é a que segue:

Concello de Viveiro

Actuacións de rehabilitación.							Subv. Prevista	ANUALIDADES	
Promotor/solicitante (BENEFICIARIO FINALISTA)	nº expediente	NIF	Enderezo	m ² útiles	Orzamento previsto	Fin previsto actuación ou prazo en meses	Mº Vº	2015	2016
Justo Andrés Pérez Cocifía	L-AR-0051/16	33812059N	Avenida de Cervantes, nº 10	214,36	204.568,20	7 meses	11.000,00		11.000,00
Francisco Galdo Fernández	L-AR-0052/16	33759602H	Plaza Mayor, nº 5	390,00	15.190,00	3 meses	5.316,50		5.316,50
Reyes Baño López	L-AR-0053/16	42867418H	Nicomedes Pastro Díaz. Nº 10-2º	293,00	9.698,75	7 meses	3.394,56		3.394,56
Gloria Pérez González	L-AR-0054/16	33679136Y	Margarita Pardo de Cela, nº 19-2º	63,00	2.700,00	7 meses	945,00		945,00
Antonio A. Trasancos Atadell	L-AR-0055/16	76543946S	Luis Trelles, nº 8	89,00	19.052,64	7 meses	6.668,42		6.668,42
Francisco Palomo Pichardo	L-AR-0056/16	27273648H	Nicolás Cora Montenegro, nº 51B-1ºD	86,97	8.225,48	3 meses	2.878,91		2.878,91
Mª del Carmen Simón Serrano	L-AR-0057/16	12235394S	Nicolás Cora Montenegro, nº 51B-1ºE	47,75	7.590,37	3 meses	2.656,63		2.656,63
José Luis Monteagudo Patiño	L-AR-0058/16	12235829C	Nicolás Cora Montenegro, nº 51B-2ºA	89,27	5.240,15	3 meses	1.834,05		1.834,05
Carlos Carballeira Martínez	L-AR-0059/16	34637417S	Nicolás Cora Montenegro, nº 51B-2ºB	69,17	4.068,91	3 meses	1.424,12		1.424,12
José Manuel López Martínez	L-AR-0060/16	76556432N	Nicolás Cora Montenegro, nº 51B-2ºC	89,90	5.270,57	3 meses	1.844,70		1.844,70
Mª del Carmen Novoa Iglesias	L-AR-0061/16	33851615P	Nicolás Cora Montenegro, nº 51B-3ºA	70,00	4.106,94	3 meses	1.437,43		1.437,43
Mª del Carmen Simón Serrano	L-AR-0062/16	12235394S	Nicolás Cora Montenegro, nº 51B-3ºB	87,91	2.798,80	3 meses	979,58		979,58
Jaime Fernández Ramallal	L-AR-0063/16	33309257J	Nicolás Cora Montenegro, nº 51B-3ºC	70,00	4.106,94	3 meses	1.437,43		1.437,43
Martin Díaz Alvarez	L-AR-0064/16	33995293M	Nicolás Cora Montenegro, nº 51B-3ºD	85,46	5.027,20	3 meses	1.759,52		1.759,52
Mª Angeles Dovale Rodríguez	L-AR-0065/16	33303151W	Nicolás Cora Montenegro, nº 51A-1ºB	89,86	2.601,59	3 meses	910,56		910,56
Dolores Barro Alonso	L-AR-0066/16	33770757H	Nicolás Cora Montenegro, nº 51A-1ºD	86,97	2.601,59	3 meses	910,56		910,56
Bernardo Fernández Cajete	L-AR-0067/16	76569670W	Nicolás Cora Montenegro, nº 51A-1ºE	89,47	2.601,59	3 meses	910,56		910,56
Xoan Ricardo Vigo Calvo	L-AR-0068/16	76543870P	Nicolás Cora Montenegro, nº 51A-2ºB	89,86	2.601,59	3 meses	910,56		910,56
Ramón Paz García	L-AR-0069/16	76543870P	Nicolás Cora Montenegro, nº 51A-2ºE	90,00	2.601,59	3 meses	910,56		910,56
Nieves Leitao Cora	L-AR-0070/16	33992615H	Nicolás Cora Montenegro, nº 51A-3ºA	89,78	2.601,59	3 meses	910,56		910,56
Manuel Rego Sierra	L-AR-0071/16	33812790F	Nicolás Cora Montenegro, nº 51A-4ºB	89,93	6.287,54	3 meses	2.200,84		2.200,84
Jose Mª Ramos Alcedo	L-AR-0072/16	01027669Y	Rosalía de Castro, nº 12- 3ºIza.	80,00	4.746,29	7 meses	1.661,20		1.661,20
Jose Mª Ramos Alcedo	L-AR-0073/16	01027669Y	Rosalía de Castro, nº 12- 3ºdcha.	87,00	2.283,05	7 meses	799,07		799,07
Dictino Martínez Castelo	L-AR-0074/16	33758805A	Vicente Cocifía, nº 5- 3ºA	76,54	9.056,52	7 meses	3.169,78		3.169,78
Sumas					335.627,87		56.870,88		56.870,88

Concello de Viveiro

Actuacións Urbanización - reurbanización				Subv. Prevista	PREVISIÓN ANUALIDADES Subv. MINISTERIO
a/Praza	Descrición actuación	Orzamento previsto	Fin previsto actuación ou prazo execución en meses	Mº Vª	TODO EN 2016
IRMANS VILAR PONTE	Pavimentación e Servizos Irmans Vilar Ponte Fase II	79.338,84 €	7 meses	33.600,00 €	33.600,00 €
	Sumas	79.338,84 €		33.600,00 €	33.600,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e en base ao escrito remitido pola Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro, acorda:

Primeiro.- Aprobar a nova táboa de orzamentos protexidos segundo as cualificacións provisionais remitidas polo IGVS.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro para o seu coñecemento e efectos e a notificación aos interesados, así como a súa comunicación aos Departamentos de Intervención e Tesourería.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 13:50 horas do día 14 de novembro de 2016, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.